

Familia: a vida en si mesma é un risco



▼ TAREIXA NAVAZA GONZALEZ

Nace nas Ermitas, pobo femosísimo, pero, ó pouco tempo, a súa familia trasládase a Ourense. Filla única coida que non resultou ser unha «nena repelente» porque principiou ir ó colexio, moi cedo, para que non estivera soa na casa. Saiu de Ourense, cando tiña quince anos, e agora vive e traballa en Santiago. E Xefa da Sección de Enlaces Móviles da TVG.

¿Como lémbra-la tua infancia?

Pois moi normal. Feliz con amigas e amigos que sego a conservar. Vou a miúdo a Ourense, porque alí segue a vivi-lo meu pai –e cando o fago conecto coas vellas amizades. Lembro os veráns que eran maravillosos. Íamos –como moitos ourensáns– Ó Grove. Acostumaba ir bañarme á Lanzada. Añoro as cidades con mar. Gústame as praias grandes e con mar batido. Fixen o bacharelato por Ciencias pero en 4º, que era cando había que elixir, quixen facer Letras, porque a miña ilusión era estudar xornalismo. Coido que estaba influenciada polas películas: parecíame unha profesión estupenda, chea de riscos e aventuras, sempre viaxando... todo moi apaixonante.

¿E que che fixo cambiar de idea?

Os meus pais e amigos desanimáronme porque, naqueles momentos, era en realidade cando as rapazas comezaban estudar Ciencias –ata entón todas facían Filosofía e Letras– e pola novidade, polo tema das «saídas»

profesionais unha vez rematado-los estudos. Así que vou por Ciencias, acabo o bacharelato e fago Enxeñería Técnica de Telecomunicacións en Madrid. Eramos tres mulleres repartidas nos tres grupos de que constaba o primeiro curso.

Entón desde que te decides por ciencias pensas en facer esta carreira?

Non. Tiven serias dúbidas entre as matemáticas e as Telecomunicacións, pero parecíame que as matemáticas, naquel momento, só tiñan a saída da docencia, das clases e iso era algo que non me gustaba. Decidínme por Telecomunicacións.

Xa estas matriculada en primeiro, ¿como foi o trato dos compañeiros e máis profesores?

Ó principio foi mal. As primeiras verbas que escoitei ó chegar á Escola –estaba a mira-lo taboleiro polo dos horarios– foron as seguintes na boca dun rapaz: «non sei que fai aquí unha moza. Debería estar na súa casa cunha vasoira».

**"En
clase escoitei dicir a
un profesor non sei
para que veñen a
clase as señoritas,
porque van
suspender".**

Emilia con risas coméntame que foi unha entrada triunfal. Pero as cousas non remataron aí.

En clase escoitei dicir a un profesor «non sei para que veñen a clase as señoritas, porque van suspender». Esta situación cambiou despois de primeiro. Coido que profesores e compañeiros tiñan certa adversión cara as compañeiras —quizais pensaban que só íamos ligar— pero cando comprobaron que tiñamos interese pola carreira cambiaron por completo de actitude e estableceuse unha boa relación.

¿Como lembras aqueles anos de estudio en Madrid?

Con moita nostalgia. Foron bonitos. A carreira era difícil pero non tiven nunca a tentación de abandonala. Había tres especialidades e por primeira vez —cando tiven que elixir— a de «son e imaxe». Fun da primeira promoción. Toda unha aventura. En realidade non sabíamos que íamos facer. Estouche a falar de hai vinte anos. Os únicos sitios onde podías atopar traballo, nesa especialidade, eran Madrid e Barcelona, e nesas dúas cidades era fácil, non como hoxe. Polo tanto a preocupación do traballo non existía. Eu alomenos non a tiña,

non estaba obsesionada. Pero resulta que cando remato os estudos, por motivos familiares, teño que regresar a Ourense. Tódolos meus proxectos, o meu mundo veuse abaixo. En Ourense non había traballo e como non quería permanecer inactiva na casa púxenme dar clases de matemáticas. Estiven así unha morea de anos ata que ... estás no lugar adecuado no momento axeitado.

Refíreste ó momento en que nace TVG?

Sí. Era o ano 85 e entrei a formar parte do Departamento Técnico da Rede de Difusión. Ó principio encargábame dos enlaces móbiles. Conozo á perfección tódolos campos de fútbol e en especial as escaleiras dalgún.

Estiven bastante tempo nesa historia. Nun principio era abondo complicado porque o facíamos todo con enlaces móbiles, non existía a Rede de Enlaces que hai agora. Era estar todo o día polo monte.

Téñenme contado que algunha vez tes subido a unha antena con zapatos de tacón ¿é certo?

Algunha que outra vez, si. Para min o gran problema é o da vertixe —teño moito— e xa te podes imaxinar cando subo, por exemplo, a unha catedral. O curioso é que cando o estou a facer esquéceseme, mesmo miro cara abaixo, e non pasa nada. Cando regreso «a terra» paréceme imposible que tivera sido capaz de subir tan alto.

¿É un traballo duro?

Sí, estresante e complicado. É un traballo que necesita moita concentración. Non teño nin tempo para relaxarme.

¿Como ve-lo traballo de ama de casa?

Paréceme moi respectable e tamén moi pouco gratificante. A min gústame moito cociñar —non cousas sofisticadas—, pero recoñezo que o da casa debe ser «moi vocacional». Respeto moito ás señoras que establecen a súa vida dedicándose só a iso, pero eu non me vexo nesas condicións, facendo só o da casa. Cando fas algo por obriga, fálo doutro xeito, con outro talante. O mellor nalgún momento da miña vida apetéceme ser unha perfecta ama de casa. De ser así creo que o faría mellor e con moita ilusión, algo que non me sucede agora.

Creo que che gusta moito a música e que estás a estudar piano.

De cativa estudiei música pero deixei. Teño piano e este ano volví



retomalo. Estou a estudar solfeo e piano. Quizais a música axúdame a evadirme. Gústanme os románticos e por riba de todos Mozart. Estou moi leda coa programación cultural do «Compostela 93» porque me permite asistir a magníficos concertos.

Como ve-lo tema da muller na TV, da imaxe que de nós da a publicidade, de-sas mulleres marabillosas que parecen se-lo habitual?

Podo ser polémica pero creo que a publicidade non «inventa» nada. A publicidade emprega os códigos que «esixe» a sociedade, que pide esa sociedade. Coido que a publicidade responde ás expectativas de mercado, que reflecta o que hai no mundo, na sociedade e polo tanto a idea que esa sociedade segue a ter da muller. Non inventa moito. A min a verdade é que esa imaxe das mulleres marabillosas nin me preocupa nin me traumatiza, aínda que entendo que a outras mulleres sí pode facelo. E polo tanto tentando imitalas mesmo se poden someter a dietas draconianas, a pensar que só somos un obxecto, un envoltorio, o que me parece unha barbaridade. Eu non o faría, aínda que si estou por coida-lo corpo para conseguir un equilibrio físico e psíquico.

Tes dous fillos de 18 e 16 anos ¿como é a tua relación con eles?

Unha boa relación. Tento ser amiga. Loxicamente por moito que nos guste presumir ós pais, os amigos son os amigos e a confianza que teñen con eles non a teñen connosco. Teño unha relación moi cordial. Intento que me vexan como a un ser humano. Se cometo un erro ou teño un fallo non me custa nada pedir perdón. Ós fillos o que máis lles pode influir é o que ven e non tanto o que lles dis, entón, nese senso, procuro darllelo mellor que poido en canto a forma de vida. Unha cousa é a teoría e outra a práctica. O mundo da droga, por exemplo, contémploco con medo. Preocúpame moitísimo.





**"Por
moitas leis que
haxa, como as
mulleres non
cambiamos o noso
concepto de vida, de
autoestima, non hai
nada que facer..."**

E o tema da SIDA, da sexualidade?

Como un tema máis de conversa. Creo que de iso como doutros temas o mellor é falar con naturalidade. Tampouco quero crearlles grandes medos nin grandes temores senón todo o contrario. A SIDA é algo que está aí, unha enfermidade real e tes que te-las túas preocupacións.

O feminismo sóache extraño, alleo?

Non. Normalmente non critico ese tipo de cousas. Ocorre que non participo moi activamente. Se me teño que referir as miñas circunstancias persoais diría que son unha privilexiada, porque non teñen demasiados problemas na relación cos homes no terreo laboral, pero iso non me «cega» para impedirme ver que segue a haber machismo e moita desigualdade nas relacións, aínda que por lei imos mellorando moito. Pero de novo vale aquí o da teoría e o da práctica. De entrada non me gusta a diferenciación home-muller, somos seres humanos. Habería que cambiarla mentalidade dos homes pero tamén a de moitas mulleres. Por moitas leis que haxa, como as mulleres non cambiamos o noso concepto de vida, de autoestima, non hai nada que facer...

Que temas arredor do mundo da muller te preocupan.

Todo o que represente algún tipo de violencia tanto física como psíquica.

Entende-la vida sen sentido do humor?

Non. En casa facemos habitualmente bromas. O humor paréceme moi importante, fundamental debería existir por decreto. Faíse todo máis levadeiro: O traballo, a casa, as relacións, estou convencida. Así como non me gustan as persoas que van de simpáticas, que contan chistes, estou polo humor como concepto, como forma de vida.

Emilia que ama por riba de tódalas cousas a sinceridade podería romper cunha amizade pola falta de franqueza.

za. Non soporta as mentiras nin a hipocresía. Aínda que, desde sempre, ten moi bos amigos cre que entre mulleres se poden establecer unhas relacións moi cordiais. Para ela, ás veces, é difícil manter-lo equilibrio entre o traballo profesional, a casa, os fillos, as súas afeccións... Algunhas veces vese superada polas circunstancias pero trata de levalo con ánimo e ledicia. Non é partidaria dos herois pero se tivera que escoller unha heroína inclinaríase por Mme. Curie.

Gustalle o cine —lembra con agrado a última versión de Cyrano de Bergerac—, o teatro, as novelas, viaxar —Paris, Viena, Salzburgo— O abuso sexual non lle parece unha broma, un xogo :

«... parece moi forte que alguén intente aproveitarse doutra persoa por circunstancias de debilidade, nun momento determinado, ou que alguén intente aproveitar unha situación privilexiada para conseguir determinados 'favores'... Tamén creo que hai moitos traballos onde segue a haber machismo. Penso que o grao de aceptación das mulleres por parte dos homes é directamente proporcional ó grao de capacitación, tanto profesional como persoal, dos homes. Se estás nun medio no que a xente está moi preparada, é moi válida profesionalmente, atopas menos rechazo cara ás mulleres.»

Emilia que é unha muller flexible, nada dogmática, está convencida de que as mulleres —aínda que cada vez menos— temos que pasar a cotío unha reválida profesional. Lembra a un señor, cun cargo importante nunha grande empresa que lle dixo hai anos: «se me deixaran contrataría só mulleres porque tedes que estar tódolos días amosando a vosa valía, cousa que ós homes se lle da por suposta». Moitas mulleres non asumen responsabilidades —estando preparadas para facelo— porque teñen a carga das responsabilidades familiares. É tímida, non é consumista e preocúpalle moito a soledade.

Este é precisamente un dos temas que nos últimos tempos lle afecta e leva mal. Prefire non insistir. A vida en realidade para unha muller honesta, coherente, legal, profesional, independente e responsable é todo un risco que paga a pena afrontar. ▀